




Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/19566/2023 09/10/2023

Area / Unidade RR.HH PE0000 MJIB	Documento 1081710AIL	
Código de verificación  0J5I 5K1P 1K4J 034Y 1DK7	Expediente 108/2023/1579	
	Data 02-10-2023	

Asunto: Cobertura, en comisión de servicios, do posto de xefatura de servizo de Deportes (ref. posto 440).

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- A coordinadora xeral da Área de Fomento e Promoción da Cidade co conforme do concelleiro da Área de Fomento e Promoción da Cidade, remite ao Servizo de Recursos Humanos unha solicitude de convocatoria pública para a cobertura, mediante comisión de servicios, do posto de xefatura de servizo de Deportes, nº referencia 440 da RPT.

Dita petición fundamentase en que actualmente está vacante o posto de xefatura do servizo de Deportes, polo que se considera imprescindible a súa cobertura para poder desenvolver a xestión do persoal, dos orzamentos e dos expedientes administrativos do servizo de Deportes. Trátase dun posto que polo seu carácter estrutural, ao tempo que transversal, é necesario cubrir con urxencia mediante a súa convocatoria publica, en tanto non se cubra polos procedementos máis ordinarios previstos no ordenamento xurídico.

Segundo.- O día 01/09/2023 o Servizo de Recursos Humanos publica un anuncio de convocatoria para a cobertura temporal, do seguinte posto de traballo:

1. Xefatura de Servizo de Deportes (referencia 440).

No citado anuncio, indícase que o persoal funcionario de carreira, que conforme a RPT vixente e as normas de xestión, reúnan os requisitos necesarios para a ocupación de este posto de traballo e que queiran participar nesta convocatoria, deberán presentar a correspondente solicitude nun rexistro municipal ou na sede electrónica, acompañada dun currículo, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde a publicación deste anuncio.

Terceiro. As características do posto de traballo a cubrir, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo vixente, son as que se detallan na seguinte táboa:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.	FP	Adm
Deportes	DJ0000	Deportes	440	Xefe/a de Servizo	A1	28	AX/AE	FR14 ED	CE	TD

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- O artigo 96 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, regula a comisión de servizos voluntaria, onde establece que os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira pódense prover excepcionalmente e de maneira temporal mediante unha comisión de servizos voluntaria. O artigo 64.6 do Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado establece que aos funcionarios en comisión de servizos reservaráselles o posto de traballo, o que hai que relacionar que o apartado 8 do art. 4 do Decreto 92/1991 de 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que a comisión de servizos será desempeñada voluntariamente salvo nos casos de carácter forzoso.

Así mesmo, o artigo 30 do Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da CCAA de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, establece que o persoal funcionario de carreira con destino definitivo poderá ocupar, excepcionalmente e de maneira temporal, un posto de traballo en comisión de servizos de carácter voluntario sempre e cando pertenza ao corpo ou escala e reúna os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

As comisións de servizos poderán acordarse, entre outros supostos, para desenvolver un posto de traballo cando estea vacante; entendendo que un posto está vacante cando non ten titular, cando o seu titular estea ocupando outro posto en comisión de servizos ou cando estea de permiso por parto, permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla.

O posto da RPT nº 440, de Xefatura do Servizo de Deportes, actualmente atópase vacante.

Segunda.- Unha vez examinadas as solicitudes recibidas e os CV dos candidatos presentados, o coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana, en informe de data 28/09/2023 con código de verificación 3D025B1V371U5M5K0VEK, así como a coordinadora xeral da Área de Fomento e Promoción da Cidade no informe de 26/09/2023 con código de verificación 106J0W71731Y3J580VE5 emiten unha proposta de nomeamento de Don Pablo Castedo López, en comisión de servizos, no posto de xefatura de servizo de Deportes (nº ref. 440).

Terceira.- Cómpre indicar, en relación á motivación da adxudicación dun posto en comisión de servizos á persoa considerada máis idónea, a sentenza nº 472/2022 do 1 de xuño de 2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a cal establece que ao tratarse dun sistema excepcional e temporal non require un proceso de selección ordinario no que exista unha publicación dun baremo e unha valoración provisional de méritos. A comisión de servizos é unha vía excepcional de provisión temporal dun posto de traballo cuxa cobertura resulta necesaria e urxente a través da designación do persoal funcionario de carreira que resulte idóneo e cumpra as esixencias para o seu eficiente desempeño. Por tanto, esa nota de urxencia e idoneidade, outórgalle un plus de discrecionalidade á Administración convocante, respectando sempre os principios de igualdade, mérito e capacidade.

Considerando a urxente necesidade de cobertura do posto de de xefatura de servizo de Deportes, (nº ref. 440) e co fin de que non se produza discontinuidade no funcionamento do Servizo de Deportes, e tendo en conta o disposto nos arts. 81 e 84 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o art. 101 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 96 e ss da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e o art. 3 do Decreto da Xunta



Concello da Coruña

de Galicia 93/1991 de 20 de marzo e demais normas concordantes, así como que o funcionario proposto reúne os requisitos, procede destinar a Don Pablo Castedo López, en comisión de servizos, ao posto de traballo de de xefatura de servizo de Deportes co número 440 na RPT.

Cuarta.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será ata dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

As características do citado posto de traballo son as seguintes:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.	FP	Adm
Deportes	DJ0000	Deportes	440	Xefe/a de Servizo	A1	28	AX/AE	FR14 ED	CE	TD

Quinta. O posto de orixe de Don Pablo Castedo López, segundo os datos que constan na Relación de Postos de Traballo, descríbese na seguinte táboa:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Plan. e Xest.	UR2400	Patrimonio UR	Tec. Sup. Xestión	1672	A1	22	AX	FR010

O citado funcionario actualmente encontrase ocupando en comisión de servizos o seguinte posto de traballo, concedido por Resolución do concelleiro delegado de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local) de data 29 de xaneiro de 2020:

Servizo	Código	Unidade Org.	Posto	Ref.Posto	G	N	Esc	C.E.
Deportes	DJ1100	Xest. Admva. DJ	Xef. Sección	443	A1/A2	24	AX	FR11

Sexta.- Os custos que xenere esta comisión de servizos atópanse orzados no grupo de programa 340, existindo crédito adecuado e suficiente para iso.

Sétima.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2023 (BOP nº 131 de 11/07/2023), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao concelleiro delegado de Economía, e Planificación Urbana.

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

1. Finalizar, con efectos do día anterior a sinatura da acta de aceptación do posto descrito no punto 2, a comisión de servizos concedida a Don Pablo Castedo López (NIF ***1346**) por Resolución do concelleiro

delegado de Facenda e Administración (por delegación da Xunta de Goberno Local) de data 29 de xaneiro de 2020, no posto de xefatura de sección de xestión administrativa de Deportes nº 443.

2. Destinar a Don Pablo Castedo López (NIF ***1346**), en comisión de servizos, ao posto de xefatura do servizo de Deportes (nº ref. 440).

As características do posto a ocupar son as descritas na seguinte táboa:

Servizo	Cod.	Unidade Org.	Ref.	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	E. Espec.	FP	Adm
Deportes	DJ0000	Deportes	440	Xefe/a de Servizo	A1	28	AX/AE	FR14 ED	CE	TD

Os efectos económicos e administrativos desta comisión de servizos serán os do día da formalización da correspondente acta de aceptación.

3.- Esta comisión de servizos ten carácter temporal e a súa duración será dun ano. Dita comisión de servizos pode prorrogarse un ano máis ou ata a celebración, no seu caso, do correspondente proceso de provisión de postos. Unha vez terminada esta comisión de servizos, o citado funcionario volverá ao seu posto de orixe en caso de non obter este posto con carácter definitivo polos sistemas legalmente establecidos.

4.- Notificar a presente resolución ao interesado e a coordinadora xeral da Área de Fomento e Participación da cidade.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas